

# UN, DOUS, TRES, QUE VES?

Texto e ilustracións de **NADIA BUDDE**

Adaptación de **XOSÉ BALLESTEROS**

Cartón duro a todo color. 22 x 17,5 cm. 18 páx. 12 €.

PREMIO DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL DE ALEMAÑA (2000)  
PREMIO DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL DE OLDENBURG (2000)

**Un, dous, tres, que ves?** (galego)

ISBN 978-84-8464-391-3. Acartonados. Prelectores.

**Uno, dos, tres, ¿qué ves?** (castelán)

ISBN 978-84-8464-390-6. Acartonados. Prelectores.

**Un, dos, tres, qui és?** (català)

ISBN 978-84-16804-51-1. Cartró. Pre-lectors.

**Bat, bi, hlru, txlru-liru!** (euskara)

ISBN 978-84-9172-048-5. Kartoizko orriak.

Uno, dous, tres, que ves?

Iago, Brais, Cristovo, lobo

grande, mediano, pequeniño, porquiño...

O tándem texto-ilustracións é a clave para que «Un, dous, tres, que ves?» se converta nun dos libros favoritos dos primeiros lectores. A sucesión de personaxes que desfilan por estas páxinas en diferentes situacións, actitudes e con distintas aparencias, permite que as nenas e os nenos aprendan a recoñecer imaxes e palabras.

A rima, o ritmo e a musicalidade mantéñense de principio a fin, incluídas a portada e a contraportada. Ademais do xogo fonético, tamén destaca a estrutura, encadeada e facilmente recoñecible: cada conxunto de palabras remata coa introdución dun novo personaxe que dá pé á serie seguinte, e así sucesivamente.

Lobos e porquiños, ratos e coellos, gatos e cadelos, mouchos e osos son parte da fauna invitada a este divertido e disparatado encontro de amigas e amigos. O ton lúdico, o humor e o colorido dunhas orixinais ilustracións con trazos grosos contribúen ao atractivo da obra.

O formato, en cartón duro e cos cantos redondeados, está enfocado a que o público infantil se relacione intensamente co libro: que sexa manexable, que poida pasar as páxinas con facilidade, que o teña como un obxecto e mesmo un xoguete máis. «Un, dous, tres, que ves?» é unha proposta útil para apoiar a aprendizaxe dos primeiros lectores, a súa capacidade para comunicarse e desenvolver habilidades relacionadas coa psicomotricidade.



■ **Temática:** descrición de personaxes.

■ **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** estrutura encadeada; texto rimado, ritmo, musicalidade, xogo fonético; animais; vocabulario; creatividade. Da autora de «[Un, dous, tres, vampiro ti es](#)» e «[Un, dous, tres, Nadal é](#)».

■ **Avance do libro:**

[https://issuu.com/kalandraka.com/docs/un-dous-tres-g\\_84e4343ec310f6](https://issuu.com/kalandraka.com/docs/un-dous-tres-g_84e4343ec310f6)

## Nadia Budde

(Berlín, 1967)

Dedicábase á publicidade antes de comezar a súa formación na Escola de Artes Gráficas de Berlín e na Real Academia de Arte de Londres. «Un, dous, tres, que ves?» foi o seu primeiro álbum ilustrado, polo que recibiu varios recoñecementos. En Alemaña tamén foi distinguida cos premios Linx e Troisdorf, entre outros. As súas obras foron traducidas e publicadas en moitos países.

<http://www.nadiabudde.de>



www. **kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com